



Parlamento das Letras: Olalla Cociña

Publicado o [09/05/2012](#)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2012/05/09/parlamento-das-letras-olalla-cocina/>

Olalla Cociña naceu en Viveiro. Non é dato fútil este. Se unha vén ao mundo na terra na que o fixo Nicomedes Pastor Díaz Corvelle, onde foi mestre Noriega Varela e viron a luz primeira Carlos Oroza ou Emilio Xosé Ínsua, entre moitos outros, acaba medrando cunha especial querenza letraferida, a que dende sempre habita a pel desta excelente poeta.

Aínda que dende moi noviña fora deixando mostras da súa valía en diversas publicacións e certames, non sería ata a aparición do seu primeiro poemario, As cervicais da memoria (2005), que se nos faría evidente a rotundidade dunha voz que se sitúa entre as de máis precioso timbre dos últimos lustros.

Naquel primeiro libro emerxían xa algunhas das temáticas e motivos que serían recorrentes tamén tanto en aquí (intemperies) (2006) coma no Libro de Alicia (2008), entre eles o papel vertebrador da memoria, unha sensualidade delicuescente e sutilísima e unha paixón devastadora, insubornable, que traspasa coa ollada.

De verso sinuoso e fluente adoito, arestado en cantís cando cómpre, mais decote harmónico e sinestésico, a escrita de Cociña é un desafío para os sentidos que, como as súas respostas, cómpre non perderse.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Publiquei o libro *As cervicais da memoria* en Edicións Fervenza en 2005, tras gañar o premio Avelina Valladares que convoca o Concello da Estrada.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

A mellor tratada foi *Libro de Alicia*, que foi tamén o último que publiquei. Se cadra porque gañou un premio de prestixio como é o Fiz Vergara Vilariño... A que pasou máis desapercibida foi *aquí* (*intemperies*), porque só se podía adquirir un día e cun xornal. Foi unha publicación efémera! Pero non teño queixa ningunha, sempre fun ben tratada pola crítica.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Pois creo que son do máis normalíño... Simplemente teño que estar soa e adoito escribir a man primeiro, en cadernos.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Hai moitos autores de diferentes xineas que admiro, cos que dialogo e con quen celebraría compartir espazo, sen que iso signifique que teñamos que ver literariamente falando. Os criterios á hora de elaborar unha antoloxía poden ser tan diversos como limitadores. De ter que escoller autores coetáneos meus conectaría agora con Olga Novo, Estevo Creus, Dores Tembrás e Emma Couceiro, pero hai máis, e cambian segundo o momento.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Penso que non teño aínda unha traxectoria literaria tan ampla como para salientar trazos... Quizais na miña escrita predomine a atención ao marabilloso cotián e a busca da palabra táctil.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Hai autores e lecturas que foron chave para min polo momento no que sucederon. Acompañanme sempre Cortázar, Alejandra Pizarnik, Vicente Huidobro, Vicente Aleixandre, Paul Celan, Clarice Lispector, Chantal Maillard, Olvido García Valdés... Entre moitos outros.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Así, en xeral, pediría máis autocrítica (a todos os axentes que participan na dimensión literaria: editor, escritor, crítico e incluso lector!), apertura mental e paixón. Aínda que sempre ocorreu, teño a impresión de que nos últimos tempos certames poéticos e editoriais reforzan aínda máis tendencias e modas.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Ai! Non son capaz de poñerme nesa tesitura. En todo o que escribo latexa a pegada das persoas e das cousas que ame e que amo... Non me perdoaría non seguilo facendo.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Malia ou debido á desolación que impera por mor da mal chamada “crise” hai talento e moita luz, cando menos no noso presente poético. É vizoso e deberíamos ter fachenda del.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Están a mudar os hábitos de lectura e habería que poñerse as pilas no que atinxe á edición dixital. Boto en falta máis iniciativa en Galicia neste campo, sobre todo na poesía.